

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
territorio
e medio
ambiente



Falamos de territorio e medio ambiente

Aposta por un territorio vertebrado e sostible

A primeira etapa do cambio

- **Apostamos por unha ordenación do territorio racional, respectuosa co entorno, capaz de crear valor ambiental e incrementar a calidade de vida.**
- **Impedimos a construción a menos de 500 metros da costa durante dous anos, en aqueles concellos que non teñan aprobado o plan de ordenación urbanística.**
- **Multiplicamos por 5 o número de hectáreas de espazos naturais protexidos (de 3.180 a 14.738 hectareas).**
- **Non permitimos ningunha nova piscifactoría en espazos costeiros de alto valor ambiental (rede natura).**
- **Incrementamos un 88% o orzamento destinado á protección dos espazos naturais, a biodiversidade, a caza e a pesca fluvial.**
- **Apostamos polas enerxías renovables, que crearán miles de empregos cualificados para Galicia.**
- **Saneamos as Rías e evitamos a multa de voluminosa cuantía á que a irresponsabilidade do PP nos condenaba pola contaminación da Ría de Vigo.**
- **Destinamos un orzamento un 2.510% máis elevado que o PP de axudas aos concellos para a xestión de residuos.**
- **Impulsamos o transporte público metropolitano poñendo en marcha o billete único e a redución dos prezos.**
- **Garantizamos a chegada do transporte máis limpo e rápido, o AVE, a Galicia no 2012.** Están en obras os tramos do Eixo Atlántico e o Santiago-Ourense, e no 2009 adxudicáranse as obras de Ourense-Lubián e os proxectos de Ourense-Vigo.
- **Construímos máis e mellores vías de altas prestacións e fixémoslo con 0 kilómetros de peaxe.** Incrementamos esta rede nun 52%, con 133 Km. de autovía e 72 Km. de vías de alta capacidade.
- **Aumentamos notablemente a produción normativa en materia medioambiental.** Galicia conta hoxe cunha reforma da Lei de Caza e cunha Lei de Protección da Paisaxe, e con tres Decretos de Biodiversidade.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



A segunda etapa do cambio

- Desenvolveremos o **Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático**, poñendo en marcha novas medidas de redución de emisións e impulsando as fontes enerxéticas renovables.
- **Aprobaremos definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral.**
- **Impulsaremos os proxectos de compensación de emisións mediante a reforestación con especies autóctonas en zonas que requiran de accións de restauración paisaxística.**
- **Culminaremos o saneamento integral das rías galegas**, co compromiso de mellorar a calidade das augas en cumprimento das Directivas Europeas e aprobaremos unha nova **Lei de Augas.**
- **Crearemos novas plantas de xestión de tratamento de residuos e duplicaremos os puntos limpos.**
- **Ampliaremos a Rede Natura nun 75%** na próxima lexislatura, pasando de 374.000 a 650.000 hectáreas e **aprobaremos o Plan de Desenvolvemento Sostible.**
- **Contratación verde:** Introduciremos criterios ambientais e sociais nos procesos de contratación levados a cabo polas institucións públicas.
- **Duplicaremos os puntos limpos.**
- **Elaboraremos o II Plan de Reequilibrio Territorial** para impulsar o mantemento da actividade económica e do tecido social en áreas con dificultades.
- **Iniciaremos o Plan Territorial Integrado dos Espazos Metropolitanos de A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra.**
- Aprobaremos a **Lei de Fomento do Transporte Público de viaxeiros de Galicia** e 1.500.000 galegos farán uso da tarxeta de Transporte Metropolitano.
- **Licitaremos obra pública por 2.000 millóns de euros no ano 2009, creando 40.000 empregos.**
- **Investiremos 5.000 millóns de euros para executar o plan Director de Estradas de Galicia e construiremos 400 kilómetros de vías de alta capacidade dos que 184 serán autovías libre de peaxe.**
- **Garantiremos que o 100% da poboación estea a menos de 30 minutos dunha vía de alta capacidade.**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



